

---

**ACTA DA ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA  
SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA  
CORUÑA CELEBRADA O MARTES, DÍA 31 DE MAIO DE 2016**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 13:00 horas do luns día 31 de maio de 2016 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Presuposto de 2016
4. Orde do día da Xunta de Escola
5. Quenda aberta de palabra

**ASISTEN OS SRES:**

**PROFESORES**

Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis

**ESTUDANTES**

Espasandín Lacalle	Raúl
Dacosta Tapia	Jorge
Rojo López	Gemma

**PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

**EXCUSAN**

Domínguez Pérez	Xabier
-----------------	--------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro. Está invitada a esta reunión a profesora Ana Vázquez, coordinadora do Máster en Enxeñaría da Auga.

**1. Aprobación de Actas**

Intervén o estudante Jorge Dacosta, para clarificar o sentido da súa intervención. Corríxese a redacción da acta.

Apróbase cos cambios

**2. Informe do Director**

A mediados de abril aprobouse o cambio do Verifica do TECIC. Despois diso aprobouse o PDA correspondente, que se tiña retrasado por causa disto.

Remitíuselles ós estudantes información por correo electrónico de como sería o procedemento do cambio, ó mesmo tempo mandouse unha carta explicativa e tamén se convocou unha reunión informativa para o vindeiro luns. Está pendente de enviarse a información ós xa graduados e explicar como facer para que poidan ter as competencias. A adaptación dun plan a outro non ten coste económico para os estudantes, so a matrícula do TFG.

No que refire a profesorado non houbo variacións, no PAS si que houbo algún cambio dado que unha das conserxes está de baixa estará por varios meses. Os auxiliares do edificio da área científica cambian cada 3 meses.

Intervén o estudante Jorge Dacosta, consultando sobre o criterio que se afirmou desde a reitoría, o cal afirmaba que se non había suficientes estudantes, algunha optativa non se daría. Pregunta se hai novidades en esta cuestión e se se sabe algo. Resposta o Director indicando que a oferta é a que se aprobou na Xunta de Escola. No caso de que haxa poucos estudantes, podería ser que algunha materia non se imparta, pero aínda non hai ningunha decisión.

**3. Presuposto de 2016**

Explica a información enviada do presuposto para o ano 2016. Durante o primeiro semestre estívose preparando o novo presuposto, a proposta da reitoría que se mandou inicialmente presentaba unha redución moi importante, aínda que finalmente enviaron outra proposta. A situación é de recortes, sobre todo no capítulo 6. Solicitouse que non se reducira desta maneira. Presenta tamén a evolución do gasto do ano 2016, indicando que había partidas que estaban bloqueadas ata uns días antes da reunión.

Intervén a profesora Isabel Martínez, consultando se se reduciron as aportacións a todos os centros. Contesta o Director indicando que si que se reduce en todos os centros.

#### 4. **Orde do día da Xunta de Escola**

O Director presenta a orde para o día 9 de xuño, ás 12:00:

1. Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores.
2. Informe do Director
3. Execución do presuposto de 2015
4. Presuposto da Escola de 2016
5. Calendarios Académicos
6. Acreditación EURACE
7. Título propio da UdC “Master en Enxeñaría de Estructuras e Materiales Aeroespaciais”: renovación da unidade académica responsable
8. Transformación do título propio “Master en Enxeñaría de Estructuras e Materiales Aeroespaciais”: solicitude do título oficial de Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica da UDC
9. Quenda aberta de palabra

O Director explica a razón da petición da acreditación EURACE, e que propón solicitala para o Máster de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, e tamén dos dous graos da Escola.

Explica tamén o punto de transformación do título propio, comenta tamén que xa se fixo unha reunión para recabar opinións sobre a proposta.

Apróbase

#### 10. **Quenda aberta de palabra**

Intervén o estudante Jorge Dacosta consultando sobre a normativa de permanencia no Máster de Enxeñaría de Camiños. Contesta o Director explicando que xa pediu os cambios para que sexa igual que no grao, catro convocatorias.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:35 do 31 de maio de 2016.

**V°.B°.**  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**